



Concello de Guitiriz

BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR, TRANSPORTE E REDUCCIÓN DA FENDA DIXITAL DE ESTUDANTES NO CURSO 2020-2021

1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

As presentes bases rexerán a convocatoria de concesión de axudas en concorrència competitiva para adquisición de equipamento e material escolar, e axuda de transporte dos/as alumnos/as, ademáis pretenden reducir a fenda dixital rural.

Liña 1 : AXUDAS AO MATERIAL ESCOLAR: Educación Infantil (2ª etapa de 3 a 5 anos), BAC (alumnos residentes en Guitiriz matriculados en centros municipais e de fóra do municipio)

Pretenden cubrir as necesidades de material escolar de material didáctico, librería e/ou reprografía así coma dispositivos adaptados a nenos/as con N.E.E.

Liña 2: AXUDAS AO TRANSPORTE: Alumnado de Universidade e Ciclos Formativos. Pretende cubrir as necesidades de desprazamento do alumnado tanto ao lugar onde realiza a formación como de transporte interurbano se fora o caso.

Liña 3: AXUDAS PARA A MELLORA DA CONEXIÓN DIXITAL: alumnado de 5º E 6º Educación Primaria e da ESO. A través de contratos de liñas wifi, de suministro de datos ou doutros dispositivos existentes no mercado.

Liña 4: AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS: alumnado de 4º da ESO e BAC empadroado no Concello de Guitiriz (aínda que realice os estudos en centros de fóra do Concello)

Pretende cubrir a necesidade de dispositivos tecnolóxicos para levar a cabo tarefas e conexións académicas propias desta etapa como: ordenadores, portátiles ou tablets.

Estas liñas de axuda son incompatible entre elas, é dicir, cada estudante só poderá optar a unha delas. .

O fin último destas axudas é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando a unidade familiar que, por escaseza dos seus recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo, ó abeiro da competencia atribuída aos concellos polo artigo 5 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social a familia, e que posibilita aplicar medidas tanto preventivas como paliativas para garantir as necesidades básicas daquela no eido da vivenda, educación, cultura e o traballo.

Estas axudas encádranse dentro da Liña 3 “Cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano.” do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Guitiriz 2019-2020.

As axudas irán destinadas ás familias, tendo en conta o seu poder adquisitivo, do municipio e serán compatibles con calquera outra que perciban polo mesmo concepto.

2. BENEFICIARIOS

A presente convocatoria establece como beneficiarias as familias empadroadas no

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 5LC4FM3NYYKZDPRHLKTLPXGQC | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 12



Concello de Guitiriz

Concello de Guitiriz que teñan aos menores ao seu cargo matriculados en centros de ensino público no nivel de Educación Infantil (2ª Etapa, de 3 a 5 anos), BAC; así como matriculados en ciclos formativos ou universitarios.

Os solicitantes deberán cumprir, ademais dos requisitos recollidos no artigo 13.2 da Lei 18/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os que de seguido se relacionan:

- 1.- A unidade familiar deberá estar empadroadada e residir de modo efectivo no Concello de Guitiriz.
- 2.- Convivir, nesa unidade familiar, as/os alumnas/os para os que se solicita as axudas.
- 3.- Estar matriculado na segunda etapa de educación infantil, en centros de ensino público no Concello de Guitiriz ou no colexio Baamonde do Concello de Begonte. Para BAC (alumnos matriculados en centros fora do Concello de Guitiriz), ciclos formativos ou universitarios, estar matriculados en calquera universidade ou centro de formación público fora do Concello de Guitiriz.
- 4.- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 5.- Ter presentada a solicitude e documentación no prazo establecido.
- 6.- Para poder optar a estas axudas atenderase aos seguintes criterios económicos:

3. **RENDA PER CÁPITA E CONTÍA DAS AXUDAS:**

3.1. A RENDA PER CÁPITA

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade do exercicio fiscal de 2019 entre o número de membros computables. Teranse en conta os ingresos de calquera natureza de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para o cálculo de dito índice teranse en conta algunhas consideracións:

- No caso de existir un menor na unidade familiar cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, este fillo computará como dous membros, no caso de que a discapacidade sexa superior ao 65% este fillo computará por tres membros.
- No caso de familia monoparental o cálculo da RPC dividirase entre 2.5.
- Nos casos de violencia de xénero non se computarán os ingresos do agresor.

3.2. CONTÍA DAS AXUDAS E LÍMITE DE INGRESOS:

A/ LIÑA 1: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias de axudas ao material (Educación Infantil e BAC)

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 150 €.
- Familias cunha Renda per Cápita entre 5400€ e 8000 €: ata 100 €

B/ LIÑA 2: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias das axudas ao transporte (Grao, Ciclos formativos de Grao medio ou superior, Ensinanzas superiores, ...)

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

- Familias cunha Renta per Cápita menor de 5400 €: ata 500 €
- Familias cunha Renta per Cápita entre 5400 € e 9000 €: ata 300. €

C/ LIÑA 3: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para as familias beneficiarias

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 200€
- Familias cunha RPC entre 5400 e 8000 €: ata 100 €

D/ LIÑA 4: Limite de ingresos e importes máximos das axudas para familias beneficiarias:

- Familias cunha Renda per Cápita menor de 5400 €: ata 300
- Familias cunha Renda per Cápita entre 5400 e 8000 €: ata 200 €

Os importes anteriores poderán reducirse en proporción ás solicitudes presentadas tendo en conta o límite orzamentario aprobado.

4 . MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR

A efectos desta orde , terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- Os pais/nais non separados/as legalmente nin divorciados/as, ou titores legais do alumnado. Tamén se considerarán titores/as aquelas situacións de acollemento en familia extensa.
- Os/as fillos /as menores de idade con excepción dos/as emancipadas/os. Tamén aqueles/as que estean en situación de acollemento familiar permanente ou preadoptivo.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente.
- Fillos/as solteiros/as menores de 26 anos que convivan no domicilio.
- Os/as proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos/as fillos/as que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar enterase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

5. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As xerais recollidas no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións, no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 5LC4FM3NYYKZDPRHLKTLPXGQC | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 12



Concello de Guitiriz

6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito de 25.000,00 euros que se imputará á aplicación 326/481.00 do orzamento de gastos do ano 2020.

7. SOLICITUDES

O impreso de solicitude (Anexo I) poderá obterse nas oficinas dos Servizos Sociais Municipais, no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, sito na rúa do concello, nº 4, Guitiriz, ou na páxina web do Concello de Guitiriz (www.concellodeguitiriz.com)

A documentación que deberán achegar xunto coa solicitude será a seguinte de acordo cos modelos que figuran como anexos ás presentes bases:

- Fotocopia compulsada do carné de identidade do/da solicitante.
- Fotocopia compulsada do Libro de familia.
- Fotocopia compulsada da matrícula no centro escolar ou universitario ou certificado do centro segundo o Anexo II.
- Declaración responsable conforme ao Anexo IV.
- De ser o caso, fotocopia compulsada do certificado do grao de discapacidade no caso de que algún fillo estea afectado por ela, ou resolución de invalidez.
- Certificado da entidade bancaria no que conste o código de conta do cliente para percibir a axuda de material escolar. O titular de dita conta deberá coincidir co solicitante da axuda.
- De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co convenio regulador, en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- Xustificación de ingresos de tódolos membros da unidade familiar maiores de 18 anos que convivan no domicilio, da seguinte forma:

a) Traballadores/as en activo:

a.1) Traballadores/as por conta allea

- Declaración de IRPF correspondente ó ano 2019, de non estar obrigados á súa presentación Certificado de imputacións expedido pola Axencia Tributaria.
- Fotocopia das tres últimas nóminas.

a.2) Traballadores/as autónomos:

- Declaración de IRPF correspondente ó ano 2019, de non estar obrigados á súa presentación Certificado de imputacións expedido pola Axencia Tributaria.
- Fotocopia de pagamentos a conta do IRPF do segundo trimestre do ano 2019, para empresarios ou profesionais.

b) Pensionistas:

- Xustificante da pensión/s mensual (INSS, ISM, clases pasivas, outros).

c) Demandantes de emprego con prestación/subsidio:

- Certificado de prestacións do INEM dos últimos 6 meses, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.

d) Demandantes de emprego sen prestación:

- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

e) **Perceptores/as de RISGA.**

- A documentación figura no departamento de Servizos Sociais, polo que non terán que achegar xustificante da contía mensual.

f) **Acollemento familiar remunerado.**

- Xustificante da contía mensual da prestación.

g) **Salario da liberdade.**

- Xustificante da contía mensual da prestación.

h) **Emigrantes retornados:**

- Ingresos percibidos no país de orixe.

i) **Outros:** Se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar.

- Informe social.

8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A instancia coa documentación solicitada presentárase no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, sito na rúa do concello, nº 4 de Guitiriz ou calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación será de 1 mes a contar dende o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia, publicación que se levará a cabo a través da Base Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.1 e 8a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. As bases completas publicaranse no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Guitiriz, así como todas as demais resolucións desta convocatoria. As bases e os seus anexos estarán a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello e nas dependencias dos Servizos Sociais Municipais.

Se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos sinalados, requirirase ós/ás interesados/as para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

9. VALORACION DAS SOLICITUDES.

As solicitudes valoraranse tendo en conta os ingresos da unidade familiar, o número de membros da unidade familiar, as situacións particulares acreditadas, a distancia entre o domicilio e a localidade do centro de ensino (nas axudas ao transporte), e o número de solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos recollidos no punto 2º.

A comisión poderá requirir ós/ás interesados/as para que no prazo máximo e improrrogable de dez días xustifiquen ou acrediten mellor os ingresos da unidade familiar.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

A comisión de valoración, que valorará as solicitudes presentadas e emitirá a proposta de resolución ao órgano competente para conceder as subvencións, estará composta pola alcaldesa, a concelleira de servizos sociais ou persoa en quen delegue, unha técnica dos servizos sociais comunitarios e o interventor municipal.

A comisión actuará de conformidade co establecido no artigo 11.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Guitiriz.

10. RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da comisión de valoración resolverá o procedemento de acordo co disposto no artigo 11.6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Guitiriz.

O prazo máximo para resolver será dun mes, a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

11. PAGO E REINTEGRO E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

LIÑA 1: AXUDAS AO MATERIAL ESCOLAR:

As axudas de material escolar aboaranse, unha vez xustificado o gasto coas correspondentes facturas, ou xustificante acreditativo do gasto correspondente.

As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.
- Relación detallada do que se adquiriu
- Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de "factura".
- Mención expresa de estar pagada.

As axudas de material escolar deberán xustificarse no prazo dun mes dende a recepción da notificación de concesión da axuda.

LIÑA 2: AXUDAS AO TRANSPORTE

Os beneficiarios das axudas de transporte deberán presentar unha vez finalizados os estudos e, como máximo, ata o 10 de setembro de 2021, o seguinte:

- Certificado que acredite que se presentaron, como mínimo, ao 50% das materias nas que se estaba matriculado. Preferiblemente este documento será expedido polo centro de estudos correspondente. No caso contrario, admitirase copia do boletín de notas ou do expediente académico no que se acredite esta circunstancia.

Se a xustificación presentada non reunisen os requisitos sinalados, requirirase ós/ás interesados/as para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Tendo en conta que estas axudas son de interese social, pola situación das familias as que van dirixidas, terán a consideración de carácter especial, polo que o importe da subvención poderá supoñer o cen por cen da totalidade do gasto.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos casos previstos no artigo 12.6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Guitiriz.

LIÑA 3: AXUDAS Á CONEXION DIXITAL

As axudas a conexión dixital aboaranse, unha vez xustificado o gasto coas correspondentes facturas, ou xustificante acreditativo do gasto correspondente.

As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.
- Relación detallada do que se adquiriu ou contratou.
- Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de "factura".
- Mención expresa de estar pagada.

As axudas a conexión deberán xustificarse no prazo tres meses dende a recepción da notificación de concesión da axuda.

LIÑA 4: AXUDAS Á ADQUISICIÓN DE DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS.

As axudas a adquisición de dispositivos aboaranse, unha vez xustificado o gasto coas correspondentes facturas, ou xustificante acreditativo do gasto correspondente.

As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.
- Relación detallada do que se adquiriu ou contratou.
- Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de "factura".
- Mención expresa de estar pagada.

As axudas a conexión deberán xustificarse no prazo dun mes dende a recepción da notificación de concesión da axuda.

12. RECURSOS

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo.

13. DISPOSICIÓN ADICIONAL

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e, de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006, de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR OU TRANSPORTE DE ESTUDANTES NO CURSO 2020-2021

Nome	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPON:

Que cumpro todos os requisitos do punto segundo das bases para axuda á adquisición de material escolar ou transporte, e os ingresos do ano 2019 da miña unidade familiar, ponderados na forma establecida nas bases da convocatoria.

SOLICITO:

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 5LC4FM3NYYKZDPRHLKTLXPXGQC | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 8 a 12



Concello de Guitiriz

Que me sexa concedida a axuda para adquisición de material escolar ou transporte, destinados aos seguintes estudantes que cursarán estudos no/s centro/s que a continuación se relacionan:

Nome do alumno/a	
Centro educativo	
Curso	

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude (marcar):

- Fotocopia compulsada do carné de identidade do/da solicitante.
- Fotocopia compulsada do Libro de familia.
- Fotocopia compulsada da matrícula no centro escolar ou universitario ou certificado do centro segundo o Anexo II.
- Autorizacións conforme ao Anexo III.
- Declaración responsable conforme ao Anexo IV.
- Certificado da entidade bancaria no que conste o código de conta do cliente para percibir a axuda de material escolar ou transporte. O titular de dita conta deberá coincidir co solicitante da axuda.
- De ser o caso, fotocopia compulsada do certificado do grao de discapacidade no caso de que algún fillo estea afectado por ela, ou resolución de invalidez.
- De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co convenio regulador, en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- Xustificación de ingresos de tódolos membros da unidade familiar maiores de 18 anos que convivan no domicilio, da seguinte forma:

a) Traballadores/as en activo:

a.1) Traballadores/as por conta allea

- Declaración de IRPF correspondente ó ano 2019, de non estar obrigados á súa presentación Certificado de imputacións expedido pola Axencia Tributaria.
- Fotocopia das tres últimas nóminas.

a.2) Traballadores/as autónomos:

- Declaración de IRPF correspondente ó ano 2019, de non estar obrigados á súa presentación Certificado de imputacións expedido pola Axencia Tributaria.
- Fotocopia de pagamentos a conta do IRPF do primeiro trimestre do ano 2019, para empresarios ou profesionais.

b) Pensionistas:

- Xustificante da pensión/s mensual (INSS, ISM, clases pasivas, outros).

c) Demandantes de emprego con prestación/subsidio:

- Certificado de prestacións do INEM dos últimos 6 meses, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.

d) Demandantes de emprego sen prestación:

- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.

e) Perceptores/las de RISGA.

- A documentación figura no departamento de Servizos Sociais, polo que non terán que achegar xustificante da contía mensual.

f) Acollemento familiar remunerado.

- Xustificante da contía mensual da prestación.

g) Salario da liberdade.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

- Xustificante da contía mensual da prestación.

h) Emigrantes retornados:

- Ingresos percibidos no país de orixe.

i) **Outros:** Se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar.

- Informe social.

Guitiriz , _____ de _____ de 2020.
Asdo.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

ANEXO II

D. / D^a. _____, Secretario/a do
centro _____
,

CERTIFICO:

Que o/a alumno/a _____, realizou a
matrícula para cursar neste centro estudos
de _____, durante o curso 20____/20____.

Guitiriz, _____ de _____ de 2020.

Asdo. _____.

ANEXO III

D./D^a. _____
_____ co DNI. _____, de conformidade co
establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de material
escolar

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 5LC4FM3NYYKZDPRHLKTLXPXGQC | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 12



Concello de Guitiriz

AUTORIZO:

- *Ao Concello de Guitiriz a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria a información tributaria que precise en relación á convocatoria para a concesión da axudas para adquisición de material escolar.*
- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Departamento de Promoción Económica, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Guitiriz que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Departamento de Económica, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. O Departamento de Promoción Económica, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Departamento de Promoción Económica.

Advertindo das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente

Guitiriz, _____ de _____ de 2020

Asdo. _____.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

ANEXO IV

DECLARACION RESPONSABLE

D./D^a. _____ co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar ou transporte,

DECLARO baixo a miña responsabilidade:

- 1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Guitiriz poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.*
- 2. Que estou ao corrente das obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social.*
- 3. Que non estou incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia;*
- 4. Que non teño pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Guitiriz.*

Guitiriz, _____ de _____ de 2020"

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

La alcaldesa, en funciones (P.D.2020-0632- de 25/09/2020)

Paula Campo Barral

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 5LC4FM3NYYKZDPRHLKTLXPXGQC | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12